

RESOLUCIÓN DO 5 DE XULLO DE 2016 DA VICERREITORÍA DE POLÍTICA  
CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
POLA QUE SE REGULA A REPERCUSIÓN DOS REINTEGROS POR PROXECTOS  
SOBRE O FINANCIAMENTO ANEP DO SEU CATÁLOGO DE INVESTIGACIÓN

A elevada contía dos importes abonados polas entidades finanziadoras que a UDC ten frecuentemente que reintegrar, xunto cos correspondentes xuros de demora, debido a deficiencias na xustificación de proxectos e axudas, fai necesario regulamentar a forma de repercutir eses importes sobre os investigadores cando do acordo de inicio do procedemento de reintegro se derive a súa responsabilidade no defecto de xustificación. Por eso, esta Vicerreitoría resolve:

- a) Cando se reciba unha nova copia de acordo de inicio de procedemento de reintegro, o Servizo de Investigación informará a esta Vicerreitoría da parte que obedece a causas en principio atribuíbles ao Investigador Principal (en adiante IP), determinará a súa contía e enviará comunicación ao IP, a quen se lle dará a opción de facer as alegacións que estime oportunas ou de renunciar a ese derecho. No caso no que o IP opte por alegar, e ao final do procedemento non se conseguira emendar debidamente a deficiencia de xustificación detectada, repercutiranse sobre a axuda ANEP do grupo ao que pertenza o IP, tanto o importe abonado e non xustificado atribuíble ao IP (excluídos os custos indirectos) como os correspondentes xuros de demora. Por contra, se optara por non facer alegacións na parte que lle afecta, aplicaríase para o cálculo dos xuros de demora o mesmo procedemento que na transitoria do apartado e) desta resolución.
- b) A parte do importe do reintegro que se impute ao IP do proxecto será detraída dos fondos achegados ao grupo de investigación pola finanziación ANEP anual, e transferida á partida centralizada que sinale a Vicerreitoría con competencias en planificación económica. O resto dos fondos necesarios para facer a devolución achegaranse desde a partida orzamentaria centralizada que proceda. Se a parte atribuíble ao IP é inferior a 100€, o reintegro efectuarase con cargo á partida centralizada, sen repercusión ningunha sobre a financiación ANEP do grupo.
- c) O importe total da repercusión económica sobre o grupo de investigación ao que pertenza o IP determinarase por unha estrita regra de proporcionalidade, en función da contribución ao vixente coeficiente base de financiamento ANEP do grupo dos membros do equipo investigador que fora do proxecto sobre o que pesa o procedemento de reintegro.

- d) Cando o importe da repercusión supere o 50% da financiación ANEP asignada ese ano ao grupo, distribuirase ao longo de sucesivos anos até a completa satisfacción da débeda, sen que en ningún caso a cantidad detraída a un grupo poida superar ao 50% da financiación ANEP que lle corresponde ese ano.
- e) Transitoriamente, para todos os procedementos nos que á data desta resolución xa se tiveran presentado alegacións, se repercutirán, se proceder, sobre a financiación ANEP do grupo/unidade ao que pertenza o IP do proxecto os xuros de demora tan só ata o momento en que se fixo alegación dos importes abonados e non xustificados por defectos atribuíbles ao IP (excluídos os custos indirectos). O resto dos xuros, desde a data da alegación ata que se faga efectivo o ingreso das cantidades reclamadas, correrán por conta da partida centralizada que determine a vicerreitoría con competencias en planificación económica.
- f) Cando un IP cambie de grupo, as débedas que tivera pendentes pasarán a repercutirse sobre a financiación ANEP anual do grupo receptor, sen que elo supoña un novo cálculo dos importes da repercusión, que tan só se efectuarán unha vez, ao recibir na UDC a copia da resolución do procedemento de reintegro da axuda.
- g) Antes da elaboración dos orzamentos anuais, e a partir dos acordos de inicio de procedementos de reintegro dos que se teñan recibido copia ao longo do ano, o Servizo de Investigación fará unha previsión dos fondos necesarios para a liquidación das débedas, e informará á vicerreitoría con competencias en planificación económica para a súa incorporación ao correspondente orzamento de gastos.

A Coruña, 5 de xullo de 2016

O VICERREITOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA



Salvador Naya Fernández